

# A CIDADE BAÑISTA

Bieito Iglesias

Unha iniciativa de



co apoio de



O viaxeiro que chegue a Ourense en comboio (á estación Ourense-Empalme) atoparase cun edificio que repite o feitío de todas as estacións galegas, construídas en pedra do país. Apearase nun barrio de pisos anódinos, que rodean a praza fronteira onde desde hai uns anos fica varada unha vella locomotiva evocadora daquela primeira *Fulton* que fumegou en marzo de 1881, dos tempos do vapor e das muxicas que saían da paila para incendiar os campos que ladeaban os camiños de ferro. Este arrabaldo do norte, nomeado Quintián, non lle dirá nada porque carece da nobreza e pátina dos monumentos antigos, construído como foi nos anos 60 do século pasado, con divisas achegadas polos emigrantes e seguindo a traza do feo *desarrollismo* franquista. Por que empezar o itinerario de Auria, Oria ou Ouréns (nomes de *plume* da cidade, de plumas como Blanco-Amor, Risco, Afonso X ou Ferrín) neste recanto insoso? Porque o autor destas notas chegou a Ourense o seis de xaneiro de 1957, nado que foi precisamente en Quintián baixo o signo de Capricornio e da miserenta posguerra que se prolongou endeica o plano de Estabilización (1958). “Levamos nos adentros moitas voces” (Rigoberta Menchú *dixit*), e en min resoan a parla dos ciganos que acamparon nestes pagos inantes de urbanizárense e o renxer do eixo do carro do Roales, último carreteiro con cabalo pedrés que chegou a convivir co Seat 600, tamén nacido no cincuenta e sete. A propia estación é da mesma quinta, pois inaugurárona o un de Santiago do citado ano.

A vía vella transcorría en paralelo pero máis próxima ao río. Baixando pola Avenida das Caldas (onde está a igrexa de Santiago, patrón do barrio, e unha recente escultura dedicada a don Jesús Pousa, párroco filántropo dos sesenta) arribaremos a un parque infantil –á esquerda da avenida- por onde pasaban os raís para deterse na antiga estación, que ocupaba o rosío hoxe destinado a Escola de Maxisterio e ao centro de formación profesional Doce de Outubro. Nos corenta e primeiros cincuenta rodeaban as praias de vías e o recinto ferroviario algúns bares, comercios de comestibles que vendían tambores de arenque salgado, pendellos de ferrador para atender as bestas dos labregos que traían rianxo á capital e currais para gardar o gando mentres non o subían aos trens de mercadorías. Os esborrecos, os armentíos escornándose e os tratantes de Garabás compuñan unha estampa de cinema do oeste, cos *cow-boys* tanguendo vacas de cornas ganchelas cara os vagóns estacionados en Abilene.

No fondo das Caldas encontraremos a Ponte Vella, actualmente peonil, que nos convida a atravesar o Miño cara o centro citadino. Foi

erguida en tempos de Augusto e, en palabras de Florentino Cuevillas, *é romana nos seus fundamentos, gótica e episcopal nos seus arcos e moi século XIX nas reformas dos peitorís e apartadeiros*. Situados no medio e medio, virando a ollada á esquerda contaremos tres pontes: o Viaduto, responsable de que nas rúas veciñas soe –como nas novelas rusas– un sempiterno pitido de comboio; a Ponte Nova, estreada en 1918 e construída sobre o Porto Vello a partir dun proxecto do enxeñeiro Martín Díaz de la Banda (ten seis arcos de porpiaño labrado con escantillón e un tramo metálico de directriz parabólica, que lembra a incorporación das novas tecnoloxías característica do Modernismo); aínda veremos unha pasadeira para peóns, que comunica a ribeira dereita cun centro comercial situado na outra marxe, obra ben escusada. Torcendo a cara á dereita e seguindo a marcha das augas, divisaremos a Ponte do Milenio, de recentísima construción e aspecto vangardista; e a Ponte Novísima ou do Ribeiriño, que data dos últimos cincuenta e primeiros sesenta e reflicte o gusto da época concretado no formigón, na fasquía pesada. As estradas sobre as ribanzas do Miño, os paseos ou pequenas praias fluviais, todas as intervencións sufridas pola ribeira impedirán a contemplación dos coiñais que antano ladeaban o curso do río, os canedos, as viñas de verdello rubio que pintaban polas festas do Santiago, as nasas de capturar anguía e os lameiros en que pacían á solta burros e cabalos no verán que atraían os gitanos coas súas carretas e cabalerías. Se o viaxeiro se deixase iluminar por “unha luz verde e arcaica” (luz ferriniana), albiscaría talvez un cabalo coas patas trabadas por pexa ou apea, loitando e afogando ao atravesar as correntes desde o Campo de Santiago aos prados de Reza, unha recua de burros coas alforxas cheas de cantos rodados para reforzar o formigón da Ponte Novísima (tarefa de gitanos que desmentiron a sona de nugalláns que arrastra a raza caló), e mantas a tapar os charcos quentes que abrollan desde a cepa da devandita Ponte (polo lado do Ribeiriño) endeica Outariz, augas abaixo da cidade. Baixo esas mantas acubillábanse os camponios da Peroxa, de Coles e Amoeiro que descían polo agosto a tomar as augas. En verdade, a pesar de chamárense *bañeses* (neste vocábulo ourensán ecoa *qualcosa* do francés *baigneuses*) non micaban a auga, limitábanse a meter os pés na charca e a amantarse para absorber a calor antirreumática. Neses barrios baixos da Chavasqueira e do Ribeiriño, os operarios e subproletarios moraban en *conventillos*, nun cuarto con dereito a partillar a cociña económica na que se tizaba con serradura ou carbón e o retrete. Algúns, os máis necesitados, aínda realugaban a metade da habitación aos bañeses, separando dous ambientes cunha cortina. Unha familia veciña, propietaria dun vetusto *Chevrolet* estilo

gánster de Chicago, durmía no auto o mes que acollía inquilinos na súa morada.

O certo é que, por moita vista que teña o viaxeiro, non poderá captar os panoramas que adornan as ribas do Miño sen un paseo ao pé do río. Vencerá a tentación de atravesar a Ponte Vella polo momento para desviarse á dereita polo Ribeiriño (pasará baixo as cepas das dúas pontes mozas, do Milenio e Novísima), cara as chamadas presentemente Termas da Chavasqueira, onde ergueron un balneario de fasquía xaponesa sobre os antigos Baños do Bispo, coñecidos popularmente como A Burga, homónima das máis famosas situadas no corazón do Ourense histórico. Despois de tomar augas quentes e frías en solago alternativo e tonificante, se é andarego aínda prolongará a camiñada polo Paseo das Ninfas ata o manancial sulfuroso do Tinteiro e as Caldas de Outariz. O río é ameno neste tramo e baixa cargado de lendas. A alusión ás ninfas está xustificada pola presenza nestas paraxes de curiosos espíritos das augas. Da outra banda, na estrada de Alongos mora Ana Manana, quen lles solicita aos pasaxeiros un queixo de catro tetos ou un pan branco de catro *pitorros*. Certo viandante que atendeu esa demanda acudindo á súa casa polo pedido, para de camiño deixarse tentar pola fame e mougar un cornello do pan trigo, viu como o cartolo mono (privado dunha corna) se volveu cabalo coxo de tres patas ao chegar onda a ninfa. Ana Manana indignouse porque tiña mentes de usalo de transporte a fin de viaxar polo mundo (tal desexo de fuga é partillado por moitos aurienses), e correspondeu ao favor co agasallo envelenado dun cinto para a esposa do transeúnte, que o desconfiado atou a unha árbore chamoscada acto continuo polo coiro convertido en faixa de lume.

A máis desta reelaboración do tema de Pegaso (un Pegaso sen alas no entanto) e das ninfas amigas de montalo, tamén se rexistra neste traxecto do Miño unha variante do mito do pozo do inferno, pois aquí está unha desas sinistras bocas –a do Puzo Maimón– irmá do burato do Averno primixenio seica localizado na contorna de Nápoles. A lenda quere que nesas augas escuras afogasen un prelado medieval, trasteado ao río polos criados subornados polos inimigos do poder episcopal cando o paseaban en palanquín.

De regreso na Ponte Romana (a ponte por excelencia que nunca tivo rival en beleza e por iso ocupa unha peaña de privilexio entre as preciosidades locais: *Tres cousas hai en Ourense que non as hai en España, o Santo Cristo e a Ponte e a Burga deitando auga*), pasaremos por fin sobre o pai Miño para acceder ao centro e aos barrios do sul, onde a cidade tivo o seu berce ou rolo. Á dereita atoparemos a Capela dos

Remedios, no campo do mesmo nome, que foi lugar de desafíos antes da construción da ermida en honra da Virxe (edificouse precisamente para axotar os duelistas, supoñendo que non violarían o mandamento de non matarás na veciñanza do sagrado), despois recinto das feiras do sete e do dezasete de cada mes, e nas últimas décadas solar do Pavillón e outras instalacións deportivas. Á esquerda, onde era a casa de dona Carlota, na que estivo instalada a fábrica de curtidos de Pérez Bobo, leva anos emprazado o Colexio da Orde Salesiana, o máis prestixioso centro de ensino privado relixioso e masculino, despois do dos Irmáns Maristas, máis elitista este último e afamado desde que gañou o concurso televisivo escolar *Cesta y puntos*.

Entremedio do Pavillón e dos Salesianos arrinca a rúa do Progreso, estigmatizada durante anos coa nomeada de Generalísimo Franco. Foi vía romana e camiño medieval antes de chegaren as dilixencias de cabalos e a estrada Villacastín–Vigo, que a volveu arteria principal no século XIX. Nela pugnaron o carácter de parada carreteira e o triunfante emblema do desenvolvemento decimonónico. No principio da rúa á dereita, fronte ao Pazo de Xustiza, deterase o viaxeiro un momento diante da estatua de Concepción Arenal, inaugurada en 1898 na Alameda e trasladada en 1969 ao seu emprazamento actual. Foi obra promovida por unha comisión cidadá e realizada polo escultor segoviano Aniceto Marina coa colaboración nas liñas do pedestal e conxunto orixinal de Parada Justel. Tras catar o espírito dun tempo dado ás grandes esculturas de bronce de sabor clásico (o viaxeiro contemplará outra de Juan Soler de 1887, dedicada a Feixoo e situada nos xardíns que levan o nome do Padre, pero iso será máis adiante, cando chegue ao corazón urbano), é cousa de seguir a rota á procura do Ourense da Restauración, do “ensanche” modernista caracterizado pola arribada dos camiños de ferro e a construción de numerosos edificios administrativos: Banco de España, Palacio Provincial, Goberno Civil, oficinas de Facenda, Hospitais, Seminario, Cárcere, Escola Normal, etc.

Un predio emblemático desa época de radical transformación urbana atopámolo no cruzamento coa antiga rúa de Alba, chamada despois Luís Espada e hogano Cardeal Quiroga. Alí se ergue a Casa Fábrega (1891), obra de Antonio Crespo ampliada por José Antonio Queralt. Creou unha tipoloxía de cuadra que se seguirá na edificación da rúa, definindo unha paisaxe urbana singular. Destaca o ollo de boi do primeiro andar. Queralt deulle un andar máis en 1889 e achegou o corredor con tres xanelas á rúa do Progreso e once á de Alba. Medianeira por medio álzase outro inmobile construído por Crespo, a ferretería Villanueva (1891), un exemplo de

arquitectura ecléctica no que sobrancean as pilastras acanaladas que deseñan os eixos verticais e o artístico remate que constitúe unha cita da arquitectura vienesa. De Queralt consérvase tamén a casa de Serafín Anta (1889), no mesmo Progreso pero no cruzamento con Ervedelo, e xa no cabo da rúa o Seminario Conciliar, reformado por este arquitecto cun proxecto asinado en 1888. Xunto a el, destaca na configuración desta arteria da cidade modernista Vázquez Gulías, nado en Beariz e moi coñecido polo proxecto do Hotel-Balneario da Toxa. A el débese a ampliación do edificio de Almacéns Simeón García, da autoría de Serra Pujols (1894), predio de aire británico e insignia da burguesía negociante de fin de século. Gulías remodelou a Horta do Concello (hoxe Alameda), traballo que a pesar de sucesivos cambios aínda pode apreciar o viaxeiro que, tras percorrer a rúa progresista, chega a este respiradoiro da cidade. Consérvase por exemplo o Templo da Música con pormenores no labor de forxado e fundición, así como farois, báculos e vasos de traza *art nouveau*. Por certo que este labor non sería posible sen a achega da Fundición Malingre, empresa dun belga que encheu Ourense de adornos arquitectónicos e de fontes (consérvase unha na praza antano chamada Fonte dos Coiros), e que tamén difundiu por Galiza enteira o típico pote galego talvez de inspiración valona ou flamenga. A enteira fábrica, trasladada ao barrio do Couto desde o Parque de San Lázaro, marcou o ritmo vital da cidade cos toques da súa sirena. Na Alameda estaban algúns dos vellos cafés cantantes (os outros achábanse na rúa do Paseo): o Victoria, o Unión, o Iberia, o Regio (Riego durante a República) e o Moderno, nos que triunfaron Rosario la Cartujana, Emilia Bracamonte, Angelita Ero, Rosa Negra e Antoñita Dato. Desapareceron eses antros de perdición, pero o viaxeiro pode recrear a vista coa casa Junquera (Caixa Ourense) e o Hotel Barcelona, proxectos do xa amentado Vázquez Gulías, antes de outear cara o barrio do Salto do Can na outra banda da barronca hoxe axardinada do Barbaña e de baixar á Burga ou –se pasa de mañá– parar na Praza de Abastos (edificio de 1929 de Suárez Castro), para vagar entre os postos do mercado que a rodean.

En chegando ás Burgas, todo Ourense exclama con Calpurnia Abana, oferente dunha inscrición votiva e primeira cidadina coñecida: *civis romanus sum*. Pois a fundación da urbe remóntase a época romana, nun val abrigado por outeiros (os altos de Montealegre, Santa Mariña ou Piñor), arredor dunhas augas caldas e dunha cruz de camiños e correntes. Dous factores xustifican esta situación: as áreas auríferas da beira do Miño, que en eras recuadas desataron a febre do ouro, como en California ou no Klondike; e as caldas que abrollan perto do Barbaña, que durante

anos serviron para escaldar aves ou como remedio e que se constituíron en alegoría da *civitas*. Foron remodeladas en 1989, arrequecéndooas cun relevo en bronce de Acisclo Manzano e unha escultura de Luís Borrajo chamada *A casa da nube*.

Pode o viaxeiro achegarse a un xardín do Posío que tivo sucesivos usos históricos (paseo dominical, xardín botánico, recinto feiral e festivo), para admirar o busto de Prado Lameiro obra de Francisco Asorey (1944) e o monumento a Lamas Carvajal (1949). Desde alí, volvendo cara o casco antigo pola rúa Padre Feixoo admirará a igrexa da Trindade, reconstrución do XVI do vello templo medieval que aínda fai sentir antigas rusticidades, e o edificio do instituto Otero Pedrayo (primeira pedra colocada en 1869), no que traballaron varios arquitectos e contratistas pero que se debe no esencial a un proxecto de Antonio Crespo, responsable da traza árabe (azulexos e zócalos) posta de moda pola arquitectura isabelina seducida pola Alhambra.

Ora ben, se acusar a canseira, desde as Burgas pode subir pola praza da Barreira (onde se vendía pan hai medio século) cara o carozo da cidade vella organizada arredor das prazas (a Maior, a da Madanela, do Trigo, do Ferro, Eironciño dos Cabaleiros) e con rúas de escala humana, con panoramas de perspectiva curta pero de íntima formosura. Aí examinará algúns monumentos singulares. Na praza Maior (Curral do Bispo, do Campo, Real, da Constitución, da República Federal, segundo o semblante do tempo) atopamos o edificio consistorial construído en 1890 conforme a planos de Queralt, a casa de Fermín (proxectada por Vázquez-Gulías), unha morada dezaoitesca de pallabarro e as demais graníticas datadas no XIX. No fondo á esquerda visitaremos o Museo Arqueolóxico e a igrexa de Santa María Madre. O actual Museo foi pretorio romano, residencia real sueva e pazo episcopal desde o século XII ata 1952. Trátase dun pazo románico que presenta ao exterior unha fiestra xeminada, un belido balcón e –na altura inferior– o escudo do prelado Muñoz de la Cueva, promotor desta fachada barroca. Contén unha completa colección de restos castrexos, romanos, suevos, románicos e oxivais. A igrexa de Santa María é obra datada en 1722 e responde a unha iniciativa aciaga do bispo Siuri, que derrubou un templo románico para alzar o actual. Con tal providencia, impídenos saudar o que Otero evocou como a *alba do Evanxello en Ourense*.

A seguinte parada será na catedral de San Martiño, de traza románica compostelá, construída entre 1160 e comezos do XIII. Conta con tres naves lonxitudinais e unha de cruceiro, máis cabeceira de tres ábsidas. É magnífica a portada sul, aberta á praza do Trigo. No interior hai un museo

localizado na parte conservada do claustro gótico que custodia o tesouro de San Rosendo. Destacan sobre todo as capelas: a do Santo Cristo (con parte do coro do século XVI e obras de Moure, Castro Canseco, Andrade ou Gregorio Fernández, por parte da talla do Cristo do século XV traído de Fisterra por monseñor Pérez Mariño); a Capela Maior (reixas e púlpitos de Juan Bautista Celma e retábulo de Cornelius de Holanda) e a do Rosario (retábulo de Juan de Angers). Cómpre reparar no retábulo da Quinta Angustia, na capela da Misa de Alba e no sartego do bispo descoñecido, na Capela Maior; pero a xoia da sé ourensá é o seu Pórtico do Paraíso, cincuenta anos posterior ao da Gloria compostelán e influído pola obra mestra de Mateu, que mostra unha policromía do dezaioito superposta á orixinal.

Atópase o viaxeiro entre xentes moi cafeteiras, non en balde existiu un contrabando secular a través da raia seca que arreda a provincia auriense de Portugal, entre cuxos tráxicos figurou o excelente café das colonias. Saíndo das intimidades do románico, talvez apeteza tomar unha xícara nas cafeterías de Coronel Ceano, rúa ampla ou *largo* que desce desde a catedral ata a rúa Lamas Carvajal. Son establecementos que imitan antigos cafés xa desaparecidos, como o Royalty no que se folgaba Vicente Risco, caricaturizado no Novelty do seu romance *O porco de pé*. Trala pausa, é o momento de visitar en Lamas Carvajal (antiga rúa do Instituto) a igrexa de Santa Eufemia do Centro, inaugurada en 1633, coa súa monumental fachada barroca do século XVIII. Quizais se asista ao diálogo entre sinos que transcribe Florentino Cuevillas en *Cosas de Orense: En Vilela morreu unha vella*, murmuran as campás da Trindade na lingua vibrante das badaladas. As de Santa María interrogan entón: *Que deixou?* E as de Santa Eufemia, mellor informadas, esclarecen: *Unha manta vella e un cobertor*. Na mesma rúa está o pazo dos Oca-Valladares, do século XVI, no que sobresaie o patio interior de columnas e unha fonte de mármore. Desde 1870 é sede do Liceo-Recreo Ourensán, sociedade fundamental na vida cultural da cidade ata o día de hoxe. Paga a pena contemplar os murais que rodean a fonte, pintados polo vigués Ramón Buch, de estilo romántico-costumista: paisaxe mariña e fluvial, mozos palicando, damas no xardín, etc. Os fondos da institución contan con cadros de Parada Justel (Retrato do Padre Feixoo que preside a biblioteca), de Prego, Virxilio, De Dios, Xavier Pousa...e esculturas de Buciños e Acisclo Manzano. Neste ámbito ecoan veladas musicais e mesmo proxeccións pioneiras de cinema (filmes de Charlot e Fatty) a cargo do exhibidor Barbagelatta. Para ambientarse, pode o viaxeiro sentar nas mesas do café ciscadas entre as columnas do patio (un segundo



cafeciño? Copiña de licor?) e ler o relato “Xeque-Mate” de Méndez Ferrín, que recrea un sarau leceísta celebrado en 1840 no “Espolón” da Praza Maior, antes de que a institución se trasladase á sede actual.

Neste punto acaso ataque a langrina e decida o viaxeiro xantar na Casa de María Andrea, restaurante *étnico* (carne richada, vitela ao caldeiro, pementos do país no verán) situado nunha praza próxima, o Eironciño dos Cabaleiros, e cun local magnífico: o pazo dos Armada. Nun recanto do Eironciño estivo o Volter, bar dos “artistiñas” ourensáns que decoraron as paredes do establecemento con inspirados deseños, pero a tasca pechada e ruínosa xa non é máis que unha lembranza melancólica dun singular renacemento plástico vivido nesta vila pequena e gris na que, misteriosamente, inzaron literatos e pintores. Subindo pola rúa San Miguel –que concentra varias casas de comidas de rumbo– cara a praza do Ferro, teremos á dereita a rúa da Paz, onde está o restaurado Teatro Principal, que permite imaxinar as formas de sociabilidade e de lecer decimonónicas, especialmente da época da restauración canovista. Se o viaxeiro acredita nas ciencias paranormais quizais poida resgatar, en psicofonía, as voces de Zorrilla recitando ou de Maura e Calvo Sotelo mitineando. Pero imos ao caso: nesta rúa moraron Risco e Otero, de modo que se constitúe no lugar ideal para meditar sobre o Ourense edificado polos escritores. No mapamundi das letras e polo esforzo novelesco, xunto ao imperio Tolstoi, o condado Faulkner e o bulevar Balzac, figuran o arrabaldo Blanco-Amor, o paseo Risco, o xardín Álvarez de Nóvoa, o toldo circense Casares, o salón de álamos Otero... Estes e outros cultivadores da tópica auriense pode pesquisalos o viaxeiro remexendo entre os estantes da librería Torga, con trinque aberto na pacífica rúa. Se pertence á confraría dos letraferidos, aínda está a tempo de seguir o roteiro Blanco-Amor (as andanzas das personaxes d’A *esmorga*), para o cal deberá chegarse ao barrio das Lagoas e vir cara o casco vello, internándose no dédalo das súas ruelas. Non haxa medo de perderse, pois hai letreiros que recollen pasaxes da novela en cada punto estratéxico da *voyage ao bout de la nuit* emprendida polo Castizo, o Bocas e o Milhomes.

Propónselle agora unha bifurcación: ou ben deambular cara o Parque de San Lázaro pola rúa de Santo Domingo que arrinca da praza do Ferro, con fonte barroca cercada de casas principais como a brasonada dos Boán, para mostrarnos despois a igrexa dominica, a casa dos Reinoso e a da Marquesa de Atalaya Bermeja, dona que na *belle époque* oficiaba nos seus salóns o culto a Madonna Frivolidade; ou ben camiñar pola paralela rúa do Paseo, que substituíu a do Progreso no papel de nervio da cidade no século XX. Como o seu nome indica (o pobo resistiuse a chamarlle calle

José Antonio, só aqueles cursidosos, tan lambidos como a cabeza con brillantina do líder falanxista achantaron) competiu co Posío no paseo dominical, pero tamén foi a rúa dos primeiros cinemas, de cafés cantantes e, na última época, da baunilla. Con efecto, aquí sobrevive milagreiramente a xadería La Ibense (ata cando?) e o viaxeiro non pode privarse de ningunha maneira dun mantecado tan sabedeiro que o transportará a Italia. Desde que, segundo conta Adrio Menéndez en *El Orense antiguo*, se probou o primeiro xeadado nun bar do “Espolón” (praza Maior) e nunha hora do século dezanove, feito con neve apañada na Cabeza da Meda, a destreza dos xadeiros ourensáns nunca deixou de adoazar e refrescar os padais dos nativos nas tardes ardentes.

Partimos do monumento e xardíns do Padre Feixoo (á beira outea *O Mouchiño* cun fauno ao lombo, de Xaime Quessada) para percorrer unha rúa feita peonil de baixos ocupados por comercios e bancos (tomaron o lugar dos cafés), ladeada por importantes edificios: antigo Hotel Miño, almacén e morada de Román (hoxe Caixa Ourense) de 1892 e vivenda de Conde Fidalgo (Banco Pastor) de 1931. O viaxeiro tropezarán coa xentil presenza dunha *Leiteira* na intersección con Cardeal Quiroga (escultura de Ramón Conde) e cunha *Maternidade* de Acisclo Manzano. É posible que tropece tamén con xentes moi ben vestidas, cunha rúa convertida en pasadeira de modelos, porque Ourense sempre foi cidade de peraltas e estes figurinos incrementaron o seu narcisismo coa axuda da alta costura local.

Despedimos a cidade no Parque de San Lázaro, abrindo a boca cara a Torre de dezasete andares, ese *Empire State* soerguido sobre a fortaleza das divisas acarretadas polos emigrantes sesenteiros, empoleirado sobre o franco suízo. Poucas as grazas ao Franco do Ferrol! Atravesamos outra volta o Miño cara o norte, esta vez pola Ponte Nova e, se o viaxeiro desatendeu a recomendación do baño budista na Chavasqueira, aínda está a tempo de mergullar nas piscinas de Oira. Abonda con que vire á dereita ao sobardar a ponte, collendo a estrada que pasa baixo o Viaduto. A tantiña distancia (mellor ir en viatura) desfrutará do que, bombasticamente, chaman praia fluvial: unhas piscinas que libraron do sufoco estival moitos cidadinos sen posibles para veranear no mar de Vigo. Ata mediados da pasada centuria, esta paraxe arrolada polo regueiro que desce de Cudeiro era coñecida por un muíño xa desaparecido inmediato ao Penedo da Lontreira e pola capela, hoxe pechada, de San Amaro. E pola poesía, pois os habitantes da bisbarra oían con frecuencia este recitado: *Santo Amaro de Oira / feito de pau de amieiro / irmao das miñas chanquiñas / criado no meu lameiro.*

